

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN PARA REALIZAR TRABALLOS DE FIN DE ESTUDO (GRAO OU MESTRADO) ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E _____ *(nome da empresa, centro de investigación ou outra entidade colaboradora externa)*

REÚNENSE

Don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo, que actúa en nome e en representación desta entidade en virtude do establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitor polo Decreto 59/2018, do 31 de maio (DOG núm. 109, do 8 de xuño).

Don/Dona _____, que actúa en calidade de _____ *(cargo)* e en nome e en representación de _____ *(nome da empresa, centro de investigación ou outra entidade colaboradora externa)*, co NIF _____ e domicilio social en _____ *(rúa, número, código postal e cidade)*.

EXPOÑEN

1. Que é vontade das partes colaborar na última etapa formativa do estudantado universitario apoiando a realización dos seus traballos de fin de estudos desenvolto como parte das materias Tralaballo fin de grao (en adiante, TFG) e Tralaballo fin de mestrado (en adiante, TFM).
2. Que TFG ou TFM son materias obrigatorias do plan de estudos dos títulos oficiais de grao ou de mestrado, respectivamente. O seu obxectivo é permitir que o estudantado desenvolva, aplique e demostre parte dos coñecementos, capacidades e competencias adquiridos ao longo da súa formación académica.
3. Que as materias TFG ou TFM teñen unha carga académica entre 6 e 30 créditos ECTS, se realizan na fase final do plan de estudos e están orientadas a avaliar as competencias incluídas na memoria do título.
4. Que a proposta de elaboración dun TFG ou dun TFM por parte do/a estudante poida estar vinculada ao traballo desenvolvido por unha empresa, un centro de investigación, unha universidade estranxeira (como parte dun programa de mobilidade) ou outra institución externa (en adiante, entidades colaboradoras).
5. Que o presente convenio ten como obxecto establecer un marco de colaboración entre as partes que apoiem a execución das materias TFG/TFM a través de estancias nas instalacións das entidades colaboradoras.
6. Que o proxecto desenvolto como parte do TFG ou do TFM ao abeiro do presente convenio realizarase baixo a dirección conxunta e coordinada da universidade e da propia entidade colaboradora, nos termos recollidos tanto nas normativas para elaborar o TFG e o TFM da universidade coma nos regulamentos propios de cada centro.
7. Que as estancias en entidades colaboradoras realizadas ao abeiro deste convenio non terán a consideración e, polo tanto, non se rexerán pola lexislación vixente en materia de prácticas académicas externas.

Polo anteriormente exposto, acordan asinar un convenio específico de colaboración que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Acollemento do estudantado

Cada TFG/TFM realizado ao abeiro deste convenio requirirá a subscrición dun documento específico (anexo i) no que se formalice a estancia do estudantado na entidade colaboradora e no que se indique a seguinte información:

- Datos do ou da estudante.
- Datos da entidade colaboradora onde se realizaría a estancia.
- Datos dos directores ou directoras do traballo na Universidade de Vigo.
- Datos dos titores ou titoras na entidade colaboradora.
- Datos do traballo.
- Datos da duración e dos horarios da estancia.

Segunda. Relación entre o estudantado e as entidades colaboradoras

A relación entre o estudantado e a entidade colaboradora na que realice as súas estancias, ao abeiro do presente convenio, non constitúe un vínculo xurídico ou unha relación laboral de ningún tipo, nin supón unha obriga a unha contraprestación económica para ningunha das partes.

Terceira. Compromisos das partes

A Universidade de Vigo comprométese a:

- Nomear polo menos un director/a do traballo, de conformidade coa normativa específica que regula a materia, quen deberá colaborar coa persoa designada como titora na entidade colaboradora para que o proxecto chegue a bo termo.
- Establecer coa entidade colaboradora os obxectivos e a planificación do proxecto con carácter previo ao inicio da estancia.
- Informar o estudantado participante no desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio do seu contido.

A entidade colaboradora comprométese a:

- Nomear polo menos un titor/a do traballo, pertencente á entidade, que fará un seguimento do programa do traballo durante a súa estancia na entidade colaboradora.
- Facilitarlle ao estudantado os medios e as instalacións oportunas para poder desenvolver o proxecto acordado.
- Orientar e axudar o estudantado a resolver as súas dúbidas e dificultades.
- Facilitarlle ao estudantado a tramitación da documentación que se requira para o desenvolvemento, depósito e defensa do seu TFG/TFM.
- Informar a universidade, no seu caso, de que se modifiquen as condicións acordadas no anexo i vinculado a este convenio.

Cuarta. Dereitos e obrigas do estudantado

- Realizar con dilixencia e con aproveitamento o seu TFG ou TFM nas condicións acordadas no anexo i vinculado a este convenio.
- Comunicarlles aos directores/as e titores/as do TFG ou do TFM calquera incidencia que afecte o seu correcto desenvolvemento.
- Gardar con absoluto rigor o segredo profesional e a confidencialidade respecto da información recollida durante e unha vez terminada a súa estancia na entidade colaboradora.
- Coñecer e aceptar as directrices establecidas na entidade colaboradora na súa política de seguridade, ademais da normativa xeral en materia de protección de datos.
- Respetar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais indicadas pola entidade colaboradora.
- Percibir, de ser o caso, unha contraprestación en concepto de bolsa ou de axuda ao estudo.

Quinta. Proxecto de traballo

O proxecto que desenvolverá o estudantado no TFG ou no TFM:

- Recollerase no anexo i vinculado a este convenio e deberá fixar o título aproximado e os obxectivos do traballo, así como unha breve descrición e as actividades.
- Deberá gardar relación directa cos contidos adquiridos nos estudos cursados.
- Será independente e estará diferenciado do proxecto formativo que, de ser o caso, se realizou como parte dunhas prácticas externas na mesma entidade colaboradora.
- Deberá desenvolverse dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico, entre os que destacan os derivados dos compromisos éticos asumidos pola comunidade científica e as normas deontolóxicas.

Sexta. Oferta e demanda de proxectos

A oferta desta tipoloxía de traballos de fin de estudos estará xestionada pola escola ou pola facultade da Universidade de Vigo á que estea adscrita a titulación e o plan de estudos ao que pertenza a materia TFG ou TFM na que estea matriculado o estudantado interesado na súa realización. Nalgúns casos, as entidades colaboradoras poderán propor ofertas de proxectos, os cales se someterán á consideración dos centros docentes (no caso de TFG) ou das comisións académicas de mestrado (no caso de TFM) para valorar a súa idoneidade e entidade académica como traballo de fin de estudos antes de ofertalos.

Sétima. Duración e horario

A duración da estancia nunha entidade colaboradora para apoiar a realización dun traballo de fin de estudos non poderá superar os créditos indicados para a materia na memoria de verificación do título.

O horario de permanencia do ou da estudante na entidade colaboradora establecerase de acordo coas características e coa dispoñibilidade da entidade, e quedarán reflectidas no anexo i vinculado a este convenio.

O réxime de asistencias terá que incluír a regulación que lle permita ao estudantado cumprir coas súas responsabilidades académicas, formativas e de representación e de participación; e a conciliar, no caso do estudantado con discapacidade, a realización das estancias coas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa súa situación de discapacidade, tras comunicarllo coa antelación suficiente á entidade colaboradora.

Oitava. Autoría e propiedade intelectual

Cada estudante ten dereito a que se lle recoñeza a súa autoría no proxecto desenvolvido durante a súa estancia na entidade colaboradora como parte do seu TFG/TFM, así como da protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse tanto cos titores/as académicos (directores/as) coma cos/coas da entidade colaboradora nos termos e nas condicións previstas na lexislación actual en materia de propiedade intelectual.

De acordo coa lexislación vixente, un TFG/TFM considérase unha obra de colaboración entre un/unha estudante e os seus titores/as. A propiedade intelectual, no seu conxunto ou en calquera das súas partes, corresponderalle nun 50 % ao/á estudante e no 50 % restante aos directores/as e aos titores/as do traballo.

Cada estudante e a entidade colaboradora poderán acordar asinar un escrito de cesión de dereitos por parte do/a estudante a favor da entidade colaboradora.

Novena. Confidencialidade

Os traballos desenvolvidos nas instalacións dunha entidade colaboradora poden conter información que, pola relevancia que teñen para a súa actividade, poden requirir tratalos coa debida confidencialidade. Os titores/as académicos dun TFG ou dun TFM deberán gardar confidencialidade na súa relación con calquera información coñecida como consecuencia da súa actividade como titor/a. Así mesmo, o/a estudante deberá gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e segredo profesional sobre as actividades realizadas durante e unha vez finalizada a estancia. De ser o caso, a entidade colaboradora pode esixirlles tanto ao director/a coma ao/a estudante a sinatura de acordos específicos de confidencialidade. As medidas que garanten a confidencialidade destes traballos nos actos de desenvolvemento, depósito e defensa

quedan reflectidas nun protocolo de confidencialidade para os TFG ou os TFM que se activará tanto por petición da entidade colaboradora coma do ou da estudante, autor/a do traballo.

Décima. Cobertura de seguro

Calquera eventualidade de accidente ou de responsabilidade civil que se producise no tempo de realización do proxecto que se desenvolva como parte do TFG ou do TFM durante a estancia do ou da estudante na entidade colaboradora estará cuberta, segundo o caso, polo seguro escolar ou polo seguro de accidentes ou de responsabilidade civil contratados para este fin pola Universidade de Vigo.

No caso de realizar un TFG ou un TFM no estranxeiro e con independencia da modalidade, o estudantado deberá subscribir pola súa conta un seguro de accidentes que inclúa a repatriación e un seguro de responsabilidade civil, e achegaralle unha copia deste ao seu director/a do TFG ou do TFM ao inicio da práctica.

Décimo primeira. Resolución de conflitos

Calquera conflito que xurdise no desenvolvemento das condicións acordadas no anexo i vinculado ao presente convenio será resolto por unha comisión formada ad hoc por unha persoa en representación da entidade colaboradora (distinta á persoa que exerce de titor/a) e pola persoa que coordine a titulación á que pertenza o/a estudante, ou persoa en quen delegue.

Décimo segunda. Vixencia e causas de resolución do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da sinatura e terá unha duración de catro anos. En calquera momento, e antes de finalizar o prazo anterior, as partes poderán acordar de forma expresa a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

O presente convenio extinguirase por algunha das seguintes causas:

- Polo transcurso do prazo de vixencia do presente convenio sen acordar a súa prórroga.
- Pola solicitude de denuncia por algunha das partes. Neste caso a parte interesada deberá de comunicarllo por escrito á outra parte con polo menos tres meses de antelación á data na que pretenda dalo por resolto.
- Por mutuo acordo das partes, mediante o correspondente escrito.
- Polo incumprimento dos compromisos establecidos neste convenio por parte de calquera das partes, previamente manifestado mediante unha comunicación escrita fidedigna e cun prazo de antelación de, polo menos, un mes, pola parte a quen prexudique.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

En calquera caso, as partes comprométese a finalizar o desenvolvemento das actividades xa iniciadas por un/unha estudante que poida estar realizando unha estancia na entidade no momento da notificación da denuncia.

Décimo terceira. Protección de datos

As partes manifestan coñecer e cumprir a lexislación europea en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa e comprométese a darlles un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

As partes comprométese a:

- Tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.
- Que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.
- Que os datos de carácter persoal non se lles cederán a terceiros, agás nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso do seu persoal aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal destruíranse ou devolveranse, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, no seu cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, termine a relación entrambas as partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino daráselle a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Décimo cuarta. Publicidade

De acordo co establecido na normativa sobre transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o presente convenio publicarase na web da Universidade de Vigo.

Cando non sexa posible publicalo na súa integridade por razóns de confidencialidade, indicarse o seu obxecto, as partes asinantes, a duración, as obrigas económicas ou de calquera índole e as súas modificacións, se as houberse.

Décimo quinta. Natureza e xurisdición

As cuestións litixiosas xurdidas con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola vicerreitoría competente na organización académica das materias de traballos de fin de estudos. Os conflitos que poidan xurdir por ambas as partes, e que non se poidan resolver internamente, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

O presente convenio, de natureza xurídico-administrativa, asíñase ao abeiro da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As controversias que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, execución, resolución e efectos derivadas do presente convenio resolveranse entre as partes de maneira amigable no seo da comisión prevista na estipulación oitava.

Ao ter natureza administrativa, a orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se puidesen suscitar entre as partes, todo de conformidade co disposto nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio.

O reitor da Universidade de Vigo

_____ (Cargo do/a representante e nome da empresa/institución)

Manuel Joaquín Reigosa Roger

_____ (Nome do/a representante da empresa/institución)

ANEXO I. FORMALIZACIÓN DE ESTADÍAS PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE FIN DE GRAO/MESTRADO EN COLABORACIÓN CON EMPRESAS/INSTITUCIÓNS

ESTUDANTE

Nome e apelidos		DNI	
Titulación		Curso	
Centro		Campus	
Enderezo electrónico		Teléfono	

ENTIDADE COLABORADORA

Razón social			
CIF			
Nome e apelidos (persoa de contacto)			
Enderezo electrónico		Teléfono	

PERSOAS TITORAS NA ENTIDADE COLABORADORA

Titora 1

Nome e apelidos			
NIF		Teléfono	
Enderezo electrónico			

Titora 2

Nome e apelidos			
NIF		Teléfono	
Enderezo electrónico			

PERSOAS TITORAS NA UNIVERSIDADE DE VIGO:

Titora 1

Nome e apelidos			
NIF		Teléfono	
Enderezo electrónico			

Titora 2

Nome e apelidos			
NIF		Teléfono	
Enderezo electrónico			

TRABALLO FIN DE GRAO/MESTRADO:

Título			
Obxectivos			
Plan Formativo			
Data inicio		Data remate	
Horario		Duración total (horas)	
Remuneración			

OBSERVACIÓNS

Coa sinatura do presente ANEXO, todas as partes declaran coñecer o convenio específico ao que este se incorpora.

Lugar e data

Nome, apelidos e sinaturas

TITOR/A ACADÉMICO/A 1

TITOR/A ACADÉMICO/A 2

ESTUDANTE

TITOR/A 1 DA ENTIDADE

TITOR/A 2 DA ENTIDADE

INSTRUCCIONES:

Cada unha das partes implicadas na estadía para a realización de TFG/TFM en entidades colaboradoras debe quedar cun exemplar desde Anexo debidamente asinado

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE LA PROTECCIÓN DE SUS DATOS:

Responsable: Universidade de Vigo

Finalidade: xestionar e tramitar convenios de cooperación educativa e realizar prácticas externas, ofertas de emprego e bolsas de formación práctica da Universidade de Vigo

Lexitimación: o tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste documento basease nas competencias atribuídas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e desenvoltas polo Real Decreto 592/2014, do 1 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

Cesións: non se prevén cesións a terceiros

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercer os seguintes dereitos: acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos

Procedencia da información: a información recollida neste formulario procede da propia persoa interesada ou a súa representación legal.

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/proteccion-datos-0>

PROTOCOLO DE CONFIDENCIALIDADE
PARA O DESENVOLVEMENTO DE
TRABALLOS FIN DE GRAO E TRABALLOS
FIN DE MESTRADO EN EMPRESAS,
CENTROS DE INVESTIGACIÓN, OU OUTRAS
INSTITUCIÓN S EXTERNAS Á
UNIVERSIDADE DE VIGO

PROTOCOLO DE CONFIDENCIALIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DE TRABALLOS FIN DE GRAO E FIN DE MESTRADO EN EMPRESAS, CENTROS DE INVESTIGACIÓN OU OUTRAS ENTIDADES EXTERNAS Á UNIVERSIDADE DE VIGO

ANTECEDENTES

Os Regulamentos de Traballo Fin de Grao (en adiante TFG) e de Traballo Fin de Mestrado (en adiante TFM) da Universidade de Vigo establecen no se Art. 3, punto 5, que: “o traballo de fin de grao poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados”. É no ámbito destes traballos, que se desenvolven nas instalacións dunha entidade externa, onde xorde a problemática da confidencialidade, xa que, estes traballos poden conter información que, pola relevancia que ten para a actividade destas entidades colaboradoras externas, debe ser tratada coa debida confidencialidade.

O obxecto deste documento é establecer un protocolo que defina as medidas que garantan a confidencialidade dos Traballos Fin de Grao (TFG) e de Mestrado (TFM) nos actos de depósito e defensa e que se activará cando o/a estudante autor/a do traballo, así o solicite, previa petición desta formalidade por parte da entidade externa.

1. SOLICITUDE DE CONFIDENCIALIDADE

Un/unha estudante poderá solicitar ao Centro, ó ao que este adscrita a titulación no que este matriculado/a, que o seu TFG/TFM teña o tratamento de confidencial e polo tanto se lle aplique o protocolo descrito neste documento. Esta solicitude:

- 1.1. Farase no mesmo momento no que se tramite a solicitude de título e tema do TFG/TFM, e de acordo co formulario que se inclúe como *Anexo I* vinculado a este protocolo.
- 1.2. Presentarase ante o Negociado de Asuntos Xerais do seu centro.
- 1.3. Deberá identificar as partes do traballo que están suxeitas a cláusulas de confidencialidade e deberá xustificar as razóns que motivan a necesidade de restrinxir o acceso ao traballo, tales como, entre outras, a existencia de acordos de confidencialidade coa entidade colaboradora ou a posibilidade de xeración de patentes que recaian sobre o contido do traballo.
- 1.4. Será valorada e resolta pola Comisión Permanente do Centro. A resolución do tratamento de traballo confidencial pode ser favorable ou desfavorable. No caso de que esta sexa desfavorable, a comisión deberá expor os motivos de dita resolución. A resolución será comunicada ao estudante e ás persoas titoras do traballo.
- 1.5. Unha vez avaliada e resolta será arquivada polos servizos administrativos do Centro, entregándose unha copia ao/á estudante e ás persoas titoras do traballo se así o solicitan.

2. DEPÓSITO DO TRABALLO

Ademais do establecido nos regulamentos de TFG/TFM do seu Centro, o/a estudante deberá indicar o carácter confidencial do traballos na solicitude de defensa que fai a través da secretaria virtual.

Como consecuencia do tratamento confidencial do traballo, non se fará pública a copia completa do traballo e o acceso á mesma estará restrinxido aos membros do tribunal avaliador do traballo. Sen embargo, se depositará e conservará igual que o resto dos traballos presentados no Centro, agás o relativo a súa consulta.

3. COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE DO TRIBUNAL AVALIADOR

Antes de recibir a documentación dos traballos a avaliar e sempre previo a sesión da súa defensa, os membros dos tribunais que avaliarán estes traballos serán informados do tratamento de confidencialidade dos mesmos e deberán de cubrir e asinar o documento de compromiso de confidencialidade que aparece como *Anexo II* vinculado a este protocolo.

- 3.1. Coa sinatura deste documento os membros dos tribunais comprometeranse a:
- 3.2. Gardar confidencialidade absoluta sobre o seu contido e sobre as discusións suscitadas durante a súa defensa.
- 3.3. Non utilizar o traballo para ningunha outra finalidade que non sexa a súa avaliación académica.
- 3.4. Devolver, no seu caso, o exemplar do traballo que se lle fose cedido, unha vez realizada a súa valoración.
- 3.5. Destruír todo o material impreso e/ou informático relativo ao traballo, unha vez finalizado o procedemento.

O compromiso de confidencialidade asinado polos membros do tribunal será custodiado polos servizos administrativos do Centro, entregándose unha copia ao/á estudante e ás persoas titoras do traballo se así o solicitan.

4. DEFENSA E AVALIACIÓN

Ainda que os regulamentos de TFG/TFM establecen que o acto de defensa é público, en orde a preservar os contidos confidenciais dos traballos, os intervalos do acto de defensa nos que se expoñan partes do traballo acollidas ao acordo de confidencialidade (*Anexo I*) estarán restrinxidos á presenza do/a estudante, das persoas titoras e dos membros do tribunal. Será responsabilidade do/a estudante comunicar dita circunstancia ao/á presidente do tribunal para que tome as medidas oportunas.

Un/unha alumno/a non poderá alegar confidencialidade para evitar expor partes do seu traballo ou responder ás preguntas do tribunal no caso de que se tomen todas as indicacións recollidas no presente protocolo para salvagardar a confidencialidade do documento entregado e da súa defensa.

Os traballos que estean afectados por acordos de confidencialidade serán avaliados de acordo cos mesmos criterios que o resto dos traballos.

5. DIFUSIÓN PÚBLICA DO TRABALLO

Os regulamentos dos TFG/TFM establecen que no proceso de depósito dos traballos se contemple a posibilidade de que o/a estudante autor/a do traballo non autorice a súa divulgación. Para formalizar esta solicitude, o/a estudante autor/a do traballo debe non autorizar a súa publicación durante o trámite de solicitude de defensa.

Se transcorrido un tempo o/a estudante quixera autorizar a súa publicación poderá formalizar esta autorización mediante o formulario de desclasificación incluído como *Anexo III* asociado a este protocolo.

ANEXO I

SOLICITUDE DE CONFIDENCIALIDADE DUN TRABALLO FIN DE GRAO (TFG) ou TRABALLO FIN DE MESTRADO (TFM) DESENVOLVIDO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

D/Dña. _____, con NIF _____, alumno(a) de
(Titulación) _____ no centro

Modalidade do traballo desenvolvido: TFG TFM

Curso académico. _____

EXPÓN:

Que realizou o seu TFG/TFM en _____ (*nome da empresa, centro de
investigación externo, ou outra entidade colaboradora*)

SOLICITA:

Que o depósito e a defensa do seu TFG/TMF titulado

_____,

Se realice de conformidade co protocolo de confidencialidade establecido pola Universidade de Vigo
polos motivos que a continuación se detallan:

_____,

_____,

As partes do traballo que solicito se acollan ao acordo de confidencialidade son as que seguen:

_____,

_____,

, a..... de.....de.....

Asdo.

(Sinatura do/a alumno/a)

Asdo.

(Sinatura do/a titor/a
académico/a)

Asdo.

(Sinatura do/a titor/a na
entidade colaboradora)

Engadir tantas firmas como sexa necesario

Anexo II

COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE DOS MEMBROS TRIBUNAL AVALIADOR DUN TRABALLO FIN DE GRAO (TFG) ou TRABALLO FIN DE MESTRADO (TFM) DESENVOLVIDO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

D/Dna. _____, con NIF _____, convocado a formar parte do tribunal avaliador do Modalidade do traballo desenvolvido: TFG / TFM que leva por título _____ desenvolvido polo/a alumno/a _____ da (Titulación) _____ e do centro _____

COMPROMÉTENSE:

- Gardar confidencialidade absoluta sobre o seu contido e sobre as discusións suscitadas durante a súa defensa.
- Non utilizar o traballo para ningunha outra finalidade quenon sexa a súa avaliación académica.
- Devolver, no seu caso, o exemplar do traballo que se lle fose cedido, unha vez realizada a súa valoración.
- Destruír todo o material impreso e/ou informático relativo ao traballo, unha vez finalizado o procedemento.

Indique o seu cargo como parte do tribunal:

PRESIDENTE

SECRETARIO

VOCAL

SUPLENTE

E como proba de conformidade, asina este documento:

_____, a ___ de _____ de _____

D/Dna.: _____

(Sinatura)

Cada membro do tribunal deberá asinar unha copia de este Anexo

Anexo III

AUTORIZACIÓN DE DESCLASIFICACIÓN DE CONFIDENCIALIDADE DUN TRABALLO FIN DE GRAO (TFG) ou TRABALLO FIN DE MESTRADO (TFM) DESENVOLVIDO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

D/Dna. _____, con NIF

EXPÓN:

Que cando realizou o depósito do seu TFG_____/TFM_____ que leva por título

no curso académico _____ non autorizou ao Centro _____ a súa publicación polo carácter confidencial do seu contido.

AUTORIZA:

A publicación do seu traballo ao non existir actualmente os impedimentos que motivaron dita decisión no momento do seu depósito.

_____, a ____ de ____ de _____

(Sinatura do/a estudante)

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN PARA LA REALIZACIÓN DE TRABAJOS FIN DE ESTUDIO (GRADO o MÁSTER) ENTRE LA UNIVERSIDAD DE VIGO Y _____ *(nombre de la empresa, centro de investigación externo, u otra entidad colaboradora)*

SE REUNEN

De una parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Rector Magnífico de la Universidad de Vigo, quien actúa en nombre y en representación de esa entidad en virtud de lo establecido en sus estatutos, y del nombramiento como rector por el decreto 59/2018, del 31 de mayo (DOG número 109, del 8 de junio

D./Dña. _____, actuando en calidad de _____ *(cargo)* y en nombre y representación de _____ *(nombre de la empresa, centro de investigación, u otra entidad colaboradora externa)*, con NIF _____ y domicilio social en _____ *(calle, número, código postal y ciudad)*.

EXPONEN:

1. Que es voluntad de las partes colaborar en la última etapa formativa del estudiantado universitario apoyando a la realización de los trabajos de fin de estudios que se desarrollan como parte de las materias Trabajos fin de grado (en adelante TFG) y Trabajos Fin de Máster (en adelante TFM).
2. Que el TFG o TFM, son materias obligatorias del plan de estudios de los títulos oficiales de grado o máster, respectivamente. Su objetivo es permitir que el estudiantado desarrolle, aplique y demuestre parte de los conocimientos, capacidades y competencias adquiridos a lo largo de su formación académica.
3. Que las materias TFG o TFM tienen una carga académica entre 6 y 30 créditos ECTS, se realizan en la fase final del plan de estudios y están orientadas a la evaluación de competencias incluidas en la memoria del título.
4. Que la propuesta de elaboración de un TFG o de un TFM por parte de un/una estudiante puede estar vinculada al trabajo desarrollado por una empresa, un centro de investigación, una universidad extranjera (como parte de un programa de movilidad) u otra institución externa (en adelante, entidades colaboradoras).
5. Que el presente convenio tiene como objeto establecer un marco de colaboración entre las partes que apoye la ejecución de las materias TFG/TFM a través de la realización de estancias en las instalaciones de entidades colaboradoras.
6. Que el proyecto que se desarrolle como parte del TFG o del TFM al amparo del presente convenio se realizará bajo la dirección conjunta y coordinada de la Universidad y de la propia entidad colaboradora, en los términos recogidos tanto en las normativas para la elaboración del TFG y/o TFM de la universidad, como en los reglamentos propios de cada centro.
7. Que las estancias en entidades colaboradoras realizadas al amparo de este convenio no tendrán la consideración y por lo tanto no se rigen por la legislación vigente en materia de prácticas académicas externas.

Por lo anteriormente expuesto, acuerdan firmar un convenio específico de colaboración que se registrará por las siguientes

ESTIPULACIONES

Primera. Acogimiento del estudiantado

